

## Inscripcións abertas para participar na XVI Marcha Cicloturista Concello de #Gondomar

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 01 Setembro 2015 09:11

---



Foi presentada a XVI Marcha Cicloturista Concello de Gondomar que se celebrará o próximo domingo día 6 de setembro, á cal asistiron o alcalde Francisco Ferreira, a concelleira de Cultura e Deportes Nuria Lameiro, o presidente do Clube Ciclista Gondomar Roberto Soleiro e o ex ciclista Gonzalo Aguiar.

A marcha está organizada polo Clube ciclista Gondomar que tras 2 anos de parón na organización da proba, volve rexurdir cos que serán xa 16 anos realizándoa. O Clube, tamén aproveitou a ocasión para facer entrega de diplomas e trofeos aos máis novos.

A marcha estará apadriñada por Ezequiel Mosquera, segundo clasificado na Volta a España 2010 e Gonzalo Aguiar, primeiro ciclista galego en participar nuns Xogos Olímpicos e que destacou a implicación cos máis novos afeccionados ao deporte.

O horario de partida será ás 9,30 h , as inscricións pódense realizar na web do Clube Ciclista Gondomar, [www.clubciclistagondomar.org](http://www.clubciclistagondomar.org) e o mesmo día no Pavillón de deportes en horario de 8 a 9, sempre e cando se trate de federados, os non federados teñen que realizala antes na web debido ao seguro pertinente. Os prezos son 12 euros para federados e 17 euros para non federados, as inscricións no mesmo día da proba terán un sobrecoste de 3 euros.

A marcha sairá de Gondomar e pasará por Baiona, A Garda, Tomiño, Alto de Tebra, San

## Inscripcións abertas para participar na XVI Marcha Cicloturista Concello de #Gondomar

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 01 Setembro 2015 09:11

---

Antoniño, Tui, Monte Aloia, Morgadáns e Couso, para finalizar novamente en Gondomar.

```
(function(d, s, id) { var js, fjs = d.getElementsByTagName(s)[0]; if (d.getElementById(id))
return; js = d.createElement(s); js.id = id; js.src =
"//connect.facebook.net/gl_ES/sdk.js#xfbml=1&version=v2.3"; fjs.parentNode.insertBefore(js,
fjs);}(document, 'script', 'facebook-jssdk'));
```

Presentación XVI Marcha Cicloturista Concello de Gondomar

Posted by [Valminor.info - O Xornal do Val Miñor](#) on [Martes, 1 de Setembro de 2015](#)